



Valdoviño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000043

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dezaoto de novembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE 04.11.21 (ORDINARIA).-

A referida acta quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros da Xunta.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/62.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Conforme relación de facturas confeccionada polos Servizos Económicos do Concello de Valdoviño baixo o número F/2021/62 e remitida a Intervención municipal, a contía total da mesma ascende á cantidade de CENTO CINCUENTA MIL DOUS CENTOS SETE MIL EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (150.207,13 €). Neste senso, as 5 facturas que integran a relación de facturas núm. F/2021/62 figuran como anexo á proposta efectuada.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal referente á aprobación e pago das facturas incluídas na devandita relación.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas F/2021/62 segundo a relación confeccionada polos servizos económicos do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Autorizar o correspondente pagamento da devandita relación de facturas por importe de CENTO CINCUENTA MIL DOUS CENTOS SETE MIL EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (150.207,13€).

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada á marxe”

Analizadas pola **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, e Vista proposta da Alcaldía, toma coñecemento **e mediante votación ordinaria e por unanimidade**, **ACORDA:**

1.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas; conforme á anterior proposta de Alcaldía.

2.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 2 DO PROXECTO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA PRAIAS DO CONCELLO, DA CONVOCATORIA CNV-C-SUM/2018. CONVENIOS CON CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DE SUBMINISTRACIÓNS.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

Proposta de aprobación da certificación n.º 2 do Proxecto Subministro e instalación de instalacións portátiles de aseos e socorrismo para praias do Concello da Convocatoria CNV-CSUM/2018 Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excma. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 9 de novembro do 2021.

A devandita certificación n.º 2 do Proxecto Suministro e instalación de instalacións portátiles de aseos e socorrismo para praias do Concello foi inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño o 12 de novembro do 2021 (202199900001773) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente o 16 de novembro do 2021 pola empresa adxudicataria INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 por importe de 8.468,79 €.

Visto o Informe de Intervención desfavorable 28/2021 (EMP 82/2021) con resultado de fiscalización desfavorable non suspensivo emitido en data 17 de novembro do 2021.

En virtude do enunciado esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a certificación n.º 2 do Proxecto Suministro e instalación de instalacións portátiles de aseos e socorrismo para praias do Concello e a correspondente

factura número 01 350 do 16 de novembro 2021 con número de rexistro contable F/2021/3009, emitida por INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 por importe de 8.468,79 €.

Segundo.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 2 do Proxecto Suministro e instalación de instalacións portátiles de aseos e socorrismo para praias do Concello da Convocatoria CNV-CSUM/2018 Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excma. CVD: 6maHxTrOxaN80vn17H8y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. Deputación de A Coruña deberá descontárselle 210,00€ pola dirección e inspección de obra e 70,00€ respecto a coordinación de seguridade e saúde”.

Dáse conta de erro material padecido no texto da certificación descrita en letra, que indica coma importe “ocho mil catrocentos sesenta e oito con sesenta e nove euros”, e o importe da certificación é de 8.468,79€.

A Xunta de Goberno Local, **mediante votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou:**

.- Aprobar a Certificación N° 2 da obra, conforme á proposta de Alcaldía e polo importe de 8.468,79 euros; subsanando o erro padecido na cantidade expresada en letra, como anteriormente se expresou.

PARTE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e vinte minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado dixitalmente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

